

# NOPE

Jordan Peele, 2022

ESTREA EN NUMAX: 26.08.2022 | V.O.S.E. | +12 | 135 min

Nun remoto val do interior de California atópase o rancho Hayward para a doma de cabalos empregados nas rodaxes de Hollywood. Un día dous traballadores son testemuñas dun suceso tan insólito como arrepiante. Daniel Kaluuya encabeza o elenco da terceira creación de Jordan Peele, o grande cineasta do terror racial.

«O director desconcerta coa súa mirada poderosa, que evoca os clásicos sen parecerse a ningún»

Federico Marín Bellón, DIARIO ABC

# NOPE



## Entrevista con Jordan Peele: «O primeiro instinto dun negro nun filme de terror non é chamar á policía»

Por Mónica Zas Marcos

### Que é *Nope*?

*Nope* é unha especie de estado mental. Ten unha conexión cultural coa experiencia negra ou a experiencia afroamericana, mellor dito, porque durante moito tempo non nos permitiron negarnos. Tamén é o que gritamos á pantalla xusto antes de que unha persoa entre nunha casa enfeitizada. Tiven a sensación de que este filme non se resumía mellor con ningún outro título, porque evoca tanto un concepto coma un *blockbuster* de verán.

### Hai un *cowboy* asiático e un rancho xestionado por unha familia negra, algo que se ve pouco a pesar de que, paradoxalmente, o primeiro xinete de cine foi negro. Quixeches deconstruír o típico *western* norteamericano?

Uso metáforas e referencias do xénero en varios momentos. Pero non vexo o filme coma un *western*, senón coma unha sátira sobre o mito do que é o *western* en Hollywood. É triste que esta industria non recoñeza os seus antecesoros negros, pero creo que nin eu mesmo vendería este filme hai dez anos. Así que é un tributo a todo o que amo do cinema e unha crítica á natureza explotadora de Hollywood e dos medios de comunicación en xeral.

### Que é o que lle resulta máis tóxico da cultura do espectáculo?

A cultura do espectáculo é tóxica de moitas maneiras. A desensibilización é probablemente a peor delas. Aterrorízame a idea de que podemos coller os nosos teléfonos ou ordenadores todas as mañás antes de almorzar, ver un acto de violencia terrible batendo na nosa cara e continuar como se nada coa nosa rutina. Se nos obsesionamos co espectáculo equivocado, podemos distraernos do que realmente está pasando no mundo.

### En *Déixame saír* (2017) e *Nós* (2019) a situación racial en Estados Unidos era parte central da trama, sobre todo na primeira. Aquí aparece, pero de forma máis sutil. Por que decidiu que fose así?

Xusto. *Déixame saír* era un filme sobre o racismo e *Nós* era un filme sobre clase e o nós contra eles, que incluía o tema do racismo. Creo que este filme trata sobre o espectáculo e sobre a explotación, aínda que ao ter protagonistas negros tamén se entrecruza co tema racial, por suposto. Sabes? Moitas veces confundimos a representación con darlle a volta aos típicos personaxes brancos e facelos negros. Pode funcionar e probablemente funcione. Pero o que me gusta facer nos meus filmes é honrar os matices da experiencia negra tal e como eu a vivo.

Unha das cousas que máis me satisfai do cinema que fago é que, normalmente, nun filme de terror bérraselle á pantalla e preguntaste por que non chaman á policía ante un perigo. Cando o protagonista é negro, o seu primeiro instinto non é chamar á policía e entendémolo perfectamente. Noutras palabras: non se pode facer un filme protagonizado por persoas negras e que o asunto racial non entre no xogo. Non se pode evitar.